

PUBLICACIÓN DAS PREGUNTAS DA PRIMEIRA PARTE DO PRIMEIRO EXERCICIO E DOS CRITERIOS DE CORRECCIÓN (Proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021)

Por resolución do 3 de febreiro de 2022, á vista das alegacións presentadas, o tribunal acordou publicar na páxina web do Parlamento de Galicia as preguntas da primeira parte e mais os criterios de corrección.

En consecuencia, reproducécese a seguir:

PREGUNTAS DA PRIMEIRA PARTE DO PRIMEIRO EXERCICIO

1. (Tema 4) Principios e criterios inspiradores das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*.
2. (Tema 24) Alternancias vocálicas nos verbos da CII e CIII.
3. (Tema 27) O emprego da perífrase *ter + participio* na lingua estándar.
4. (Tema 28) O emprego da preposición *a* con obxecto directo no galego escrito.
5. (Tema 33) Recomendacións en materia lingüística contidas nas *Directrices de técnica normativa* galegas.
6. (Tema 36) Usos admitidos e non admitidos do xerundio na redacción xurídico-administrativa en galego e en castelán.
7. (Tema 39) Opcións para redactar textos nunha linguaxe inclusiva, segundo as recomendacións da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
8. (Tema 42) Segundo o *Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais*, indique os criterios de aplicación da maiúscula na denominación de profesións, cargos oficiais, títulos nobiliarios e dignidades eclesiásticas; de entidades, institucións, organismos e outras agrupacións formalmente constituídas; e de empresas, marcas e denominacións de orixe.
9. (Tema 43) As siglas e os acrónimos nos textos oficiais. Criterios de uso, segundo o *Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais*.
10. (Tema 41) Características e utilidades dos recursos para a tradución *Interactive Terminology for Europe* (IATE), *Eur-lex* e *Linguee*.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

(Lidos pola presidenta do tribunal antes do comezo da realización da proba):

«No referente ao contido, o tribunal valorará que a resposta sexa correcta e completa. Tamén se valorará que a resposta sexa concisa, sen información marxinais ou pouco relevantes.



En canto á expresión, o tribunal valorará que a información estea organizada de maneira lóxica, nun texto coherente, ben estruturado e redactado, nun rexistro lingüístico adecuado e cunha lingua correcta.

O tribunal descontará puntuación polas incorreccións detectadas».

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

A presidenta do tribunal